

# Para o deus Berobreo

Aras do santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo

## ***Sabes que é a arqueoloxía?***

A **arqueoloxía** é a ciencia auxiliar do historia que se dedica ó estudo de épocas pasadas como a Prehistoria e a Antigüidade a través dos achados de restos materiais deixados polo home ó longo do tempo.

Os lugares do espazo terrestre onde se atopan os restos materiais do pasado reciben o nome de **xacementos ou depósitos** arqueolóxicos.

## ***O traballo do arqueólogo..... en fases***

1 - O primeiro que fai o arqueólogo é recoñecer e identificar o xacemento valéndose de diferentes métodos e técnicas coma as fontes documentais (escritos antigos), as fontes orais (o folclore, o significado dos nomes propios dos lugares) etc. É a fase da **PROSPECCIÓN**.

2- O seguinte paso consiste no traballo sistemático de desenterrar os obxectos elaborados polo home en épocas pasadas. É coñecida como fase de **ESCAVACIÓN**.



Visita a excavación do Facho

3- Cómpre establecer a cronoloxía dos achados. Isto faise na fase de **DATACIÓN**.

4- Para rematar co proceso o arqueólogo ten que manter o estado dos achados e consérvalos a través de diversas técnicas na fase coñecida como **CONSERVACION**.

## **O Monte do Facho**

O monte do Facho atópase na península do Morrazo, preto da aldea de Donón e dentro da parroquia de Sto. André de Hio (Cangas, Pontevedra).

No Monte do Facho hai restos materiais de tres etapas prehistóricas diferentes: un poboado do Idade do Bronce, un castro do Idade do Ferro e un santuario de época galaico-romana.

## **O santuario do deus Berobreo...**

### **Qué é un santuario?**

Lugar ou templo onde se venera a imaxe ou reliquia dun deus ou santo. Ermida.

### **Quen era Berobreo?**

Un deus indíxena sonador ó que acudía a xente para pedirle que curase as súas doenzas.

**Como se descubriu o santuario?** Ala polos anos sesenta D. Enrique Massó, home moi afeccionado a arqueoloxía, recorreu o litoral do Morrazo na procura de información que axudase a recoñecer e identifica poboas atigos. As primeiras aras atopadas foron depositada no Museo Municipal "Quiñes de León".

**Pero, como as descubriu?** Preguntáballe ós veciños de Donón se viran algunha das "pedras" (da aras expostas nasola do museo) cado labraban a terra ou ben cando paseaban polo monte coas vacas. A xente de Donón lembraba estas **aras** porque tiñan letras e debuxos. Máis tarde, nos anos setenta, D. José Suárez Mariño, recorreu a zona e atopou máis destas aras. Finalmente no ano 2003 comezaron as primeiras escavacións arqueolóxicas dirixidas por D. José Suárez Otero.



Serafín Costas en 1962 coa primeira ara descuberta

A información obtida por eles foi publicada nos libros e revistas que podedes ver a entrada da exposición.

### **Como souberon que había un santuario na cima do Monte do Facho?**

Porque foron aparecendo todas as aras nos arredores do monte. En total atopáronse unhas 150 aras.

## AS ARAS


### **Que é unha ara?**

É o nome latino do altar de época romana, onde habitualmente se realiza o sacrificio simbólico ou libación (viño, aceite ou leite) en ofrenda a unha divinidade, neste caso en honor o deus Berobreo. As ofrendas realízanse nun pequeno oco (focus).

### **Que facía a xente coa ara?**

A xente «peregrinaba ata a cima do monte e depositaba alí a ara. Despois rezaba e facía a libación (botaba leite, viño ou aceite por riba do focus) pedíndolle ó deus Berobreo que os sanase. A ara era en si mesma unha ofrenda. Tamén podían levar outras ofrendas como cores, algunha moeda e outras descoñecidas dentro de cofres de madeira dos que só quedaron os cravos.

Pasado o tempo había tantas eres que os tiveron que facer máis delgadas e altas para que colleran todas no santuario. Estas aras máis estilizadas podédelas ver na parte final da visita.




## ACTIVIDADES NA EXPOSICIÓN

### **\* IMOS SITUARNOS**

Ó falar do monte do Facho dixemos que se atopaba no península do ..... preto da aldea de ..... e dentro do parroquia de Sto ....., no concello de.....  
..... que forma parte da provincia de .....

Pensa que es un bo arqueólogo, **sitúa no mapa mudo** o símbolo que teñen o carón os seguintes lugares:

- O Península do Morrazo
- \* Monte do Facho, bonón
- ▲ Cangas do Morrazo
- + Ría de Vigo
- Ø Ría de Aldán



Podes enumerar algúns dos obxectos da exposición que se levaron como ofrendas ó santuario?.....

As pedras se deterioran co paso do tempo? .....

Enumera algún dos tratamentos que se lles poden aplicar ás aras para a súa conservación

.....

### **LEMBRA ...**

Como se baixaron as aras do Monte do Facho?

.....

Na exposición podes ver unha ánfora. Para que se utilizou dito recipiente?

.....

Coñeces algún outro uso das ánforas? .....

### **PENSA UN POUQUIÑO-**

Anota as diferenzas que atopas entre as primeiras aras expostas e as que podes ver no quinta sala

.....

Contámosche que Berobreo era un deus sanador ó que acudía a xente para curar as doenzas. Pensa nos santos do pobo ou aldea dos teus avós, dos que se diga que sanan ou curan as doenzas do xente. Que relación lles atopas con Berobreo?

.....

Tamén dixemos que a xente lle levaba ofrendas ó deus Berobreo, como as propias aras (pequenos monumentos ofrecidos ó deus) ou recipientes de vidro. Pensa en qué ofrendas leva a xente na actualidade ós santos. Comentádeo entre os compañeiros.

### **RESOLVE O ENIGMA**

Entre as «pezas» expostas hai unha figura humana. Busca onde está seguindo estas pistas...

- Non lle gustan as aras
- Vai vestida cunha túnica que lle cobre ata os xeonllos
- Non ten pés nin cabeza

De qué peza falamos? .....

Tras visitar a exposición .... podes nomear outros xacementos arqueolóxicos de Galicia?

.....